

# Instrucción I/2008 da Xerencia na que se regulamenta a adscrición do PAS colaborador en tribunais de selección

O ser necesaria ocasionalmente a colaboración de persoal para o desenvolvemento de procesos, que se consideren masivos, de **Selección de Persoal de Administración e Servizos**, faise necesario regular o procedemento para a adscrición aos tribunais e a retribución correspondente. E por iso que,

**O xerente resolve** o seguinte:

1. O presidente do tribunal solicitará ao xerente o persoal que considere necesario para o desenvolvemento das probas.
2. A colaboración será retribuída con 60€ diarios se é en días laborais e con 80€ se é en sábados ou festivos, aboándose por nómina, se fose posible, no mes no que remate o proceso selectivo, previa certificación expedida polo presidente do tribunal dos días traballados.
3. A presente Instrucción derroga a Instrucción IV/2005.

Así mesmo, e de forma excepcional, de ser necesaria a colaboración de persoal, fóra da súa xornada habitual, nas **Comisións de Selección de Persoal Docente e Investigador**, daráselles o mesmo tratamento.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2008  
O Xerente,  
Pedro García Moreno